

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Imaxe da *performance* Primavera democrática (2025) de Regina José Galindo na que denuncia a violencia machista en países democráticos

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo




CONTIDO

| | |
|--|----|
| FORMACIÓN..... | 3 |
| XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS | 4 |
| CONVOCATORIAS | 5 |
| SUXESTIÓNS | 6 |
| INVESTIGACIÓN | 10 |
| REVISTAS | 12 |
| NOVAS DO DUVI..... | 14 |
| NOVAS..... | 15 |
| DATOS..... | 21 |
| FERRAMENTAS DE IGUALDADE | 22 |

ABRIL

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|----|------|--------|----------|---|-------------------|--------|-----------------------------------|
| 14 | 30 | 31 | 1 | 2 Xoves Santo | 3 Venres Santo | 4 | 5 |
| 15 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 16 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 17 | 20 | 21 | 22 | 23 Día Internacional das Nenas nas TIC | 24 | 25 | 26 Día da Visibilidade Lésbica |
| 18 | 27 | 28 | 29 | 30 | 1 | 2 | 3 |

FORMACIÓN



IX Xornada interuniversitaria galega de Submisión química e violencias sexuais. [+Info](#)

9 de abril das 9:30 h ás 11:45 h a través da plataforma Teams.

Seguridade dixital, xénero e uso ético da IA. Inicio do curso 15 de setembro de 2026. (ES) [+Info](#)

Xénero e interseccionalidade. (EN) [+Info](#) Curso masivo en liña

Seminarios conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade. Observatorio de Masculinidades da Universidade Miguel Hernández de Elx. Disponibles os vídeos das sesións celebradas desde 2021 até hoxe. (ES) [+Info](#)

Webinar: Mozos adolescentes e elección profesional. Cara a unha maior presenza masculina en profesións de coidado. Fundación Iniciativa Social. Disponible a sesión que tivo lugar o 25 de febreiro de 2026. (ES) [+Info](#)

Sexuando o lenzo: arte e xénero. (EN) [+Info](#) Curso masivo en liña

Cara a unha alfabetización mediática e informativa sensible ao xénero. (EN) [+Info](#)

Xustiza de xénero e dereitos humanos: combater o auxe do movemento antixénero. (EN) [+Info](#)

Curso masivo en liña organizado por Amnistía Internacional.

MOOC Unha historia global do sexo e o xénero: corpos e poder no mundo moderno. (EN) [+Info](#)

MOOC Feminismo e xustiza social. (EN/ES) [+Info](#)

As Rebeldes Periféricas. Disponibles os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

Campus Virtual de UNFPA. Formación en liña asíncrona con varias accións formativas disponibles. [+Info](#)

Feminismo, xénero e política. MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres (ES) [+Info](#)

Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero. (ES) [+Info](#)

Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade.

Inscripción aberta ata cubrir as prazas disponibles. (ES) [+Info](#)

XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIO

VII Congreso Internacional Mulleres, cultura e sociedade. «Novas cartografías do pensamento feminista». Universidad de Almería do 15 ao 17 de Abril de 2026. (ES) [+Info](#)

Congreso Internacional «Adiantar o reloxo de España». Mulleres, esfera pública e intermedialidade en torno ao Lyceun Club Feminino. Campus de Guajara, La Laguna (España), do 15 ao 17 de abril. [+Info](#):

I Congreso Internacional de Hispanistas sobre Estudos Literarios Femininos: «(Re)escrituras del canon: autoría feminista, genealogías críticas y poéticas disidentes». Universidad de Alcalá, 18, 19 e 20 de maio. [+Info](#)

Congreso Mundial de Estudos de Xénero e Sexualidade 2026 (GSS 2026). Os días 18 e 19 de maio en Ámsterdam. [+Info](#)

XXXIV Congreso da Asociación de Estudos de Xénero e Sexualidades (AEGS). Coidando o mundo: novas narrativas de xustiza, xénero e afectos. Os días 20, 21 e 22 de maio na Universidad de Oviedo. [+Info](#)

III Congreso Internacional de Antropoloxía Feminista. «Xerar saberes desde o compromiso social». Universitat Rovira i Virgili, Tarragona. Os días 1, 2 e 3 de xullo de 2026. (ES) [+Info](#)

I Congreso Internacional de Tecnoloxías Emerxentes e Xénero. Sevilla, 30 de setembro, 1 e 2 de outubro de 2026. [+Info](#)

XII Congreso Internacional de Xénero e Comunicación (GenderCom 2026). Con sesións virtuais os primeiros días e formato presencial do 7 ao 9 de outubro na Facultad de Comunicación y Documentación da Universidad de Granada. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Sexuality Research and Social Policy. Número especial: Xustiza e traballo sexual: desenvolvendo e descentrando debates. A data límite para o envío de artigos é o 10 de abril de 2026. [+Info](#)

Investigaciones feministas. Xénero e opinión pública na sociedade contemporánea: fendas nas actitudes sociopolíticas e esfera dixital. Plazo aberto ata o 12 de abril de 2026. [+Info](#)

Behavioral Sciences. Número especial: Violencia sexual contra as mulleres en todos os contextos: prevención, educación e intervención. Prazo aberto ata o 26 de maio do 2026. [+Info](#)

JMIR Medical Education. Nesgos, Diversidade, Inclusión, e Competencia cultural en Educación Médica. Aberto ata o 31 de xullo do 2026. [+Info](#)

I Congreso Internacional de Tecnoloxías Emerxentes e Xénero. Convocatoria aberta para o envío de resúmenes e pósteres ata o 15 de agosto de 2026. [+Info](#)

Feminist Formations. Convocatoria aberta para envío de artigos de diversas temáticas feministas. A data límite de envío de propostas é o 31 de decembro de 2026. [+Info](#)

SUXESTIÓN


O primeiro trimestre de 2026 deixa unha cifra preocupante. Neste período, 14 mulleres foron asasinadas pola súa parella ou exparella, marcando unha repunta na cantidade de crimes machistas e no seu nivel de violencia. Ademais, 3 criaturas e dúas mulleres do entorno próximo foron asasinadas pola violencia machista. Como consecuencia destes asasinatos 11 menores ficaron en situación de orfandade.

Se nos centramos nas cifras oficiais da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, a comparación co mesmo período dos anos anteriores salientan esta repunta: no primeiro trimestre de ano en 2025 eran 8 as mulleres asasinadas e en 2024 eran 7. Por outra banda, o 2025 fechábase con 48 mulleres asasinadas, a cifra máis baixa desde 2003, ano en que comezaron a realizarse rexistros. Porén, as 14 mulleres asasinadas no que vai de ano alértanos de que este grave problema social está lonxe de estar erradicado.

O nivel de incidencia da violencia machista está recollido desde o ano 2003 en rexistros oficiais, que se basean nos marcos establecidos pola LO 01/2004, que comezou encadrando a violencia de xénero dentro da exercida por parte de quen sexan ou tivesen sido os seus cónxuxes ou tivese algunha relación de afectividade, e foi ampliado despois a familiares e persoas achegadas menores de idade. Aínda que a dimensión da violencia contra as mulleres é máis ampla da recollida nas cifras oficiais.

Para engoblar o conxunto da violencia exercida contra as mulleres polo feito de ser mulleres, alén do tipo de vínculo emocional co seu agresor, desenvolveuse o termo *feminicidio*, impulsado por Marcela Lagarde. Este termo naceu aplicado á realidade de México pero estendeuse globalmente. Nesta liña, o observatorio feminicidio.net leva anos recollendo os casos de asasinatos machistas no Estado español que non teñen cabida na contaxe oficial da violencia de xénero. Así, en 2025 contabilizaron 53 feminicidios íntimos (categoría que se aproxima á definición oficial de violencia de xénero), 22 casos de feminicidio familiar, 11 feminicidios non íntimos e 14 casos máis de diversas tipoloxías, ascendendo a cifra total a 100 feminicidios.

Desde o ano 2022, o Ministerio de Igualdade tamén recolle datos que se poden consultar na súa [web](#) sobre os feminicidios alén da relación sentimental, cumprindo así coa obriga establecida polo Convenio de Istambul de fornecer datos estatísticos detallados e secuenciados sobre todas as formas de violencia contra as mulleres. Igualdade analiza as seguintes categorías de feminicidios: na parella ou exparella (que se corresponde coa definición da LO 1/2004), familiar, sexual, social e vicaria. Desde o ano 2022 até o primeiro semestre de 2025, as cifras do Ministerio cifran en 87 os feminicidios fora da parella ou exparella no estado español.



Identificación das vítimas mortais da violencia de xénero no que vai de ano no Estado español

A análise da repunta da violencia machista precisa ir alén das cifras. Xa Marcela Lagarde entendía o feminicidio como unha responsabilidade do Estado e consideraba que «sucede como unha culminación dunha situación caracterizada pola violación reiterada e sistemática dos dereitos das mulleres». Para esta feminista «a violencia está presente antes do homicidio de formas diversas ao longo da vida das mulleres. Despois de perpetrado o homicidio, continúa como violencia institucional a través da impunidade que caracteriza casos particulares». É necesaria toda unha estrutura política e social que é a que sustenta esta violencia.

A antropóloga arxentina Rita Segato, en obras como [*Las estructuras elementales de la violencia*](#) (2007, 2021) e [*La guerra contra as mulleres*](#) (2016), expón tamén varias características do feminicidio a partir das súas investigacións. Para Segato a finalidade do feminicidio «non é de orde sexual senón de exterminio ou eliminación dirixida a unha categoría de persoas» e salienta a súa dimensión expresiva, no sentido de que a través deste tipo de violencia o poder exprésase, exhibese e consolídase de xeito público. Segato vincula esta violencia cunha «pedagogía da crueldade» en que esa exhibición da crueldade sería unha forma de control. A antropóloga afirma que basta con ver os diversos produtos culturais e propagandísticos que nos rodean para afirmar que vivimos nun réxime educativo da violencia, entorno á cal gravita todo o edificio do poder.

Se falamos de crueldade non podemos pasar por alto as características especialmente violentas dalgúns dos asasinatos machistas deste mes de marzo. O profesor e investigador forense e exdelegado do goberno para a violencia de xénero [Miguel Lorente](#) ten sinalado en declaracións aos medios algúns indicadores do maior encarnizamento da violencia machista nos últimos dez anos: o aumento do número medio de puñaladas, o aumento dos asasinatos con traumatismos craneoencefálicos ou a comisión destes delitos na vía pública. Lorente non dubida en sinalar un dos motivos deste incremento da violencia: o auxe do negacionismo e dos discursos misóxinos.


A maior presenza mediática da extrema dereita española fixo que se normalizasen discursos que marcan un retroceso na loita contra as violencias machistas. Ademais, a súa estratexia de propaganda polas redes sociais consegue que os discursos machistas e antifeministas estean presentes todos os días e a todas as horas nos nosos terminais dixitais. Constrúese así unha ofensiva comunicativa que alicerza as estruturas de dominación de xénero que validan a violencia contra as mulleres.

Os efectos desta estrutura podemos velos nos datos de varias enquisas publicadas recentemente. O [*Barómetro Xuventude e Xénero 2025*](#) amosa unha dobre realidade: por un lado é maioritaria a idea de que a violencia de xénero é un problema social moi grave pero tamén aumentan as posturas máis problemáticas: o 36,5 % cre que «sempre existiu e é inevitable» e o 20,3 % afirma que «non existe, é un invento ideolóxico». Estas posturas son máis frecuentes nos homes.

As reflexións finais desta enquisa recoñecen algunhas liñas dos fenómenos que están a acontecer: «nun sector minoritario pero significativo da poboación moza en España rachou o consenso social sobre a existencia de desigualdades de xénero estruturais e deste modo

xeráronse novos marcos interpretativos para analizar a violencia contra as mulleres». Así, sinala que se xustifica recorrer á violencia sexual co respaldo de mantras bioloxicistas e que se normalizan prácticas de manipulación para ter relación sexuais. Salia tamén, en paralelo, a aparición do discurso dos homes como vítimas, «atribuíndo á sociedade no seu conxunto un carácter xinocéntrico». Esta realidade evidencia a necesidade de seguir a traballar para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Esta [fenda de xénero ideolóxica](#) detectada entre mozas e mozos arredor da violencia de xénero e do feminismo pode provocar relacións máis tensas, desiguais e con maior risco de violencia. Todo este contexto reforza a importancia de continuar a traballar nos nosos campus na sensibilización e prevención contra as violencias machistas, pois [as súas características mudan](#) e é imprescindible adaptarse ás súas novas expresións violentas do patriarcado. As medidas de prevención teñen resultados: os datos da [2ª Diagnose do acoso sexual e acoso por razón de sexo](#) indican unha redución das vítimas de acoso sexual e por razón de sexo, especialmente nos colectivos de PDI e do estudantado. O pasado ano 2025 aprobábase unha actualización do [Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por sexo](#) con novidades como a ampliación do ámbito de aplicación das condutas de acoso aos servizos dixitais ou telemáticos facilitados pola Uvigo, máis tempo para denunciar e [procedementos máis directos](#).



Hai unhas semanas a Consellaría de Política Social e Igualdade anunciaba a posta en marcha dos CIM móbiles que estarán presentes proximamente en todos os campus universitarios galegos. Desde a Xunta informáronnos que estes servizos itinerantes están compostos por persoal profesional e especializado e en todos eles hai atención psicolóxica e acompañamento social especializado, co obxectivo de achegar toda a información posible á poboación para que calquera persoa sexa un axente activo na prevención e detección da violencia de xénero.

Achegamos algúns recursos, noutros formatos, para seguir afondando nesta cuestión tan complexa e actual:



- [Querer](#) (Alauda Ruíz de Azúa, 2024)
- [Comerás flores](#) de Lucía Solla Sobral (2025)
- [Ocho señales](#) de Noelia Míguez e Patricia Calveiro (2022)
- [No sé como era antes](#) (2026)

INVESTIGACIÓN

Olla coa fenda: Actitudes globais cara a igualdade de xénero en 2026. (EN) [+Info](#)

Mapa de seguridade CODER para *apps* de citas. (EN) [+Info](#)

Progreso estancado. Informe final do GMMP 2025. (EN) [+Info](#)

As implicacións da transparencia salarial nas preferencias de candidatura e nas negociacións salariais. (EN) [+Info](#)

Análise dos datos da enquisa sobre a percepción social da prostitución. (ES) [+Info](#)

Monografías feministas. Beijing+30. (ES) [+Info](#)

Feminismo e covid-19. Como lles vai ás mulleres ante unha crise global. (EN) [+Info](#)

Diferenzas por sexo no risco familiar e nos compoñentes xenéticos dos intentos de suicidio: un estudo de cohorte baseado en rexistros en Suecia. (EN) [+Info](#)

Xénero e pobreza nos Estados Unidos: Resultados da Enquisa de Finanzas das Familias. (EN) [+Info](#)

Desvelando as desigualdades de xénero nas traxectorias cara aos consellos de administración mediante *deep learning*. (EN) [+Info](#)

Saúde e benestar tras a perda da parella en homes e mulleres maiores. (EN) [+Info](#)

Violencia contra mulleres que se inxectan drogas. (EN) [+Info](#)

Menopausa prematura e risco de enfermidade coronaria. (EN) [+Info](#)

Alén da «tubaxe que pinga»: críticas feministas ás desigualdades na Arqueoloxía. (EN) [+Info](#)

Coparentalidade en perspectiva entre futuras nais e pais primerizos: un estudo cualitativo transnacional. (EN) [+Info](#)

Achegas para a investigación intercultural desde as perspectivas das mulleres indíxenas. Metodoloxías, desafíos e leccións aprendidas. (ES) [+Info](#)

Mulleres en dixital. O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero. Edición 2025. (GL) [+Info](#)

Documento de recomendacións: Aportacións de mellora para o impulso da transversalidade. (ES) [+Info](#)

In Mujeres Número 6. Beijing +30. (ES) [+Info](#)

Análise dos datos da Enquisa sobre percepción social da prostitución. (ES) [+Info](#)

Nin poucas nin covardes. Monólogos novos para voces doutro tempo. (ES) [+Info](#)

A fenda retributiva entre mulleres e homes. (ES) [+Info](#)

Identificación de desigualdades de xénero nos camiños a participación política: un marco QCA de gran tamaño. (EN) [+Info](#)

Perspectivas de xénero sobre a estratificación de habilidades dixitais entre persoas traballadoras da manufactura: implicacións para a xestión estratéxica de recursos humanos. (EN) [+Info](#)

Estrés, felicidade e satisfacción vital xuvenís a través do estado de morbilidade: unha análise estratificada polo xénero. (EN) [+Info](#)

Eliminar as fendas salariais: o papel da elaboración do orzamento para o aumento salarial. (EN) [+Info](#)

Xuízos sociais na intersección de clase e xénero entre as culturas. (EN) [+Info](#)

Asociacións específicas do sexo entre a fragilidade e os resultados a longo prazo en pacientes con infarto agudo de miocardio: un estudo nacional baseado na poboación. (EN) [+Info](#)

Tendencias temporais na proporción de homes e mulleres na incidencia do autismo: estudo poboacional, con recollida prospectiva, nunha cohorte de nacemento. (EN) [+Info](#)

Escalar con nesgos? O papel dos coñecementos e da experiencia en RRHH das persoas fundadoras na contratación e nos nomeamentos de persoal directivo. (EN) [+Info](#)

Imaxinería visual e logro ocupacional en CTEM: o xénero importa. (EN) [+Info](#)

Cando o séxting sae mal: o alcance do intercambio non consentido e a sextorsión entre adolescentes dos Estados Unidos. (EN) [+Info](#)

Autenticación multifactorial: a perspectiva intuitiva dos homes novos sobre o sexo consensual. (EN) [+Info](#)

Avaliación da seguridade e das variacións baseadas no xénero en marcapasos cardíacos e dispositivos relacionados: resultados dun estudo de cohorte prospectivo. (EN) [+Info](#)

Representación das mulleres migrantes e/ou racializadas no sector cultural. [+Info](#)

Vendendo masculinidade: unha análise cualitativa das representacións de xénero no contido de redes sociais sobre «baixa testosterona». (EN) [+Info](#)

REVISTAS

Revista ex aequo Núm. 52 (2025). Dossier «Consentimento e violencia sexual». (PT/EN/ES) [+Info](#)

Clepsydra Núm. 29 (2025): Cando o xénero fala: crenzas, discursos e usos lingüísticos. (ES) [+Info](#)

Journal of Feminist, Gender and Women Studies. Monográfico: Representacións contemporáneas de mitos femininos e masculinos. (ES) [+Info](#)

Gender & Society Volume 39 (outubro do 2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Work & Organization: Volume 33, Issue 1. (EN) [+Info](#)

Biology of Sex Differences. Volume 17 (2026). (EN) [+Info](#)

Femeris. Vol. 10 Núm. 3 (2025). (ES) [+Info](#)

Journal of Feminist, Gender and Women Studies. Núm 19 (2025). (ES) [+Info](#)

Revista igUALdad. Volume 29 (2025). (ES) [+Info](#)

Social Politics. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)

Sexualities. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Technology and Development. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist & Psychology. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)

Women & Therapy. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist Anthropology. Volume 6 (2025). (EN) [+Info](#)

Psychology & Sexuality. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist Economics. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist Legal Studies. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)

Violence and Gender. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)

Hypatia. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Revista Estudos Feministas*. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 38 (2026). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 153 (2026). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 27 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 41 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 27 (2026) (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 35 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender Issues*. Volume 43 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture* Volume 33 (2026). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 32 (2026). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 15 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 34 (2026). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture*. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence*. Volume 10 (2026). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice*. Volume 35 (2025) (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum*. Volume 116 (2026). (EN) [+Info](#)
- Géneros*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's History Review*. Volume 35 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Histories*. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)
- Religion and Gender*. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality Research and Social Policy*. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Empresariais e Turismo rende homenaxe á «mamá árbore» Wangari Muta Maathai. [+Info](#)

O concurso fotográfico Mulle.RME 2026 visibiliza o traballo das mulleres na industria *offshore*. [+Info](#)

Unhas xornadas afondan no campus na relación entre violencia de xénero e saúde mental. [+Info](#)

Dirección e Xestión Pública conmemora o 8M reflexionando sobre os nesgos de xénero na intelixencia artificial. [+Info](#)

Alumnas de Belas Artes protagonizan a «exposición de mulleres artistas con maior traxectoria de Europa». [+Info](#)

Empresariais e Turismo, Relacións Internacionais e Dereito reivindicán a igualdade entre homes e mulleres. [+Info](#)

Cintecx e Aimen unen forzas polo Día das Mulleres para inspirar as futuras científicas. [+Info](#)

Enxeñaría Informática súmase ao 8M visibilizando o traballo das mulleres no eido tecnolóxico. [+Info](#)

Un equipo da UVigo constata o potencial das ferramentas de intelixencia artificial para a verificación de información. [+Info](#)

Alumnado de Traballo Social implícase na promoción do benestar socioemocional en mulleres privadas de liberdade. [+Info](#)

Enxeñaría de Telecomunicación adianta a celebración do Día Internacional das Nenas nas TIC. [+Info](#)

A UVigo celebra o Día Internacional das Mulleres coa entrega do premio Uviguála 2026 ao Vigo Rugby Club Feminino. [+Info](#)

Unha exposición reivindica un lugar propio para as artistas. [+Info](#)

Docentes do campus deseñan un avatar virtual con perspectiva feminista. [+Info](#)

NOVAS

Brooke Shields ou «o efecto Lolita»: como a mirada determina a sexualización das nenas tamén en tempos de TikTok. (ES) [+Info](#)

O Obispado de Tenerife e unha asociación católica incumpren coa sentenza do Constitucional que lles obriga a aceptar mulleres. (ES) [+Info](#)

O camiño cara á igualdade tamén se recorre en prisión: «É máis duro porque elas son minoría». (GA) [+Info](#)

O colectivo LGTBI de Vigo lanza unha investigación pioneira sobre violencia entre parellas formadas por mulleres. (GL) [+Info](#)

A puñaladas e golpes aumentan máis do 50 % nos feminicidios en 8 anos: «Hai máis ira e rabia». (GA) [+Info](#)

O reto de ser muller recluída ou migrante en Galicia. (GA) [+Info](#)

«Está nacente un mundo novo»: a autora Rebecca Solnit fala sobre a «revolución lenta» que a extrema dereita non pode tolerar. (EN) [+Info](#)

O Defensor do Pobo alerta de que os sistemas de protección contra a violencia machista «non se coordinan adecuadamente». (ES) [+Info](#)

Sayak Valencia: «Debemos saír do gueto do xénero e do sexo como únicas demandas para o feminismo». (ES) [+Info](#)

Inmobilizadas, esposadas e con dor: duplícase o uso da forza nas prisións de mulleres. (EN) [+Info](#)

Así fallou a Xustiza a Abby e á súa filla: a absolución do pai maltratador, unha custodia compartida e un secuestro parental. (ES) [+Info](#)

Un feminicidio cada cinco días: «Necesitamos un sistema que non agarde a que a muller fale primeiro». (ES) [+Info](#)

Bill Cosby, condenado a pagar case 20 millóns de dólares a unha muller por abuso sexual. (ES) [+Info](#)

As mulleres discriminadas na Semana Santa de Sagunt: «Sentímonos desamparadas polo arcebispo». (ES) [+Info](#)

Unha muller trans sofre unha malleira por parte dunha decena de persoas nunha vila de León. (ES) [+Info](#)

A primeira muller que levou un trono na Semana Santa de Málaga: «Pensaba que estes debates estaban superados». (ES) [+Info](#)

Os homes da Semana Santa de Sagunto rexeitan que as mulleres procesionen con eles: «A tradición é a tradición» (ES) [+Info](#)

Mulleres invisibles nos campos: o paradigma das inmigrantes temporeiras en España. (ES) [+Info](#)

A conciliación é un asunto de dereitos e corresponsabilidade e non de organización individual. (ES) [+Info](#)

Obrigada a parir na porta dun hospital por non ter acompañante masculino: os edictos talibáns poñen en perigo a vida das afgás. (ES) [+Info](#)

María Eugenia Prendes, fiscal: «Defendo preservar a identidade das vítimas de violencia sexual». (ES) [+Info](#)

Dous asasinatos por violencia machista e o suicidio de ambos os dous agresores en 24 horas. (ES) [+Info](#)

Condenado a 24 anos por asasinar a súa ex-noiva un home pendente doutro xuízo por matar outra ex-parella. (ES) [+Info](#)

A historia de Margarita Beese, a falanxista condenada por rexistrarse como home na España de Franco. (ES) [+Info](#)

Luciana Peker, escritora: «O feminismo podía ser unha resistencia á ultradereita pero o progresismo soltoulle a man». (ES) [+Info](#)

O auxe das violencias machistas *online* os ataques contra feministas intensifícanse, pero tamén as respostas. (ES) [+Info](#)

«Non sei a cantos reitores preguntaron polas súas circunstancias familiares. No meu caso foi unha constante». (GA) [+Info](#)

As que traballan: radiografía das migrantes que xa son piar do emprego en Galicia. (GA) [+Info](#)

«As Casas-niño son un proxecto moi necesario no rural, pero non pode funcionar á custa das traballadoras». (GA) [+Info](#)

María Xosé Queizán, elixida académica de honra da Real Academia Galega. (GA) [+Info](#)

A complicada conciliación dos avogados malia a reforma legal. (ES) [+Info](#)

Máis de 25.000 mulleres foron alertadas de que o seu agresor era reincidente. (ES) [+Info](#)

Dous agresores reincidentes nos 13 asasinatos de 2026: por que un caso de violencia machista pasa a estar inactivo? (ES) [+Info](#)

Na tea de araña de Epstein: os 137 homes e mulleres que explican como funcionaba a súa rede internacional de poder e influencia. (ES) [+Info](#)

Mona Chollet, ensaísta: «As mulleres valórasenos pola nosa capacidade de borrarlos». (ES) [+Info](#)

As denuncias por acoso sexual non despegan na Administración central: pouco máis de 500 casos en sete anos. (ES) [+Info](#)

As trabas para abortar na sanidade pública da Comunidade de Madrid: « Isto custa 500 euros e ti non vas pagar nada». (ES) [+Info](#)

Igualdade propón que non se poidan aplicar penas alternativas ao cárcere para agresores reincidentes. (ES) [+Info](#)

A fiscalía investiga espidos xerados por IA que afecta a 18 alumnas dun instituto de Almería. (ES) [+Info](#)

A metade das alumnas da Uvigo escoitaron comentarios sexistas frecuentes e o 11,7 % sofren ciberacoso. (ES) [+Info](#)

As Madres de la Plaza de Mayo completan a súa ronda 2.500 e manteñen viva a memoria dos desaparecidos en Arxentina. (ES) [+Info](#)

Mulleres de Costa Rica perden a paz ante o aumento dos feminicidios. «O Estado non cumpriu co seu deber». (ES) [+Info](#)

As mulleres, piar invisible da Igrexa: «Hai moita discriminación connosco, pero somos o motor. Chegamos onde os homes non chegan». (ES) [+Info](#)

A Universidade de Santiago elixe a Rosa Crujeiras como a primeira muller reitora nos seus máis de 500 anos de historia. (ES) [+Info](#)

O liderado feminino gaña espazo na empresa, pero a paridade aínda está lonxe. (ES) [+Info](#)

Ascenden a trece as vítimas de violencia de xénero en 2026 tras dous novos crimes en Cantabria e Huesca. (ES) [+Info](#)

A investigación «Exporting Abortion» coordinada por Público, gaña o premio de periodismo Voices Awards. (ES) [+Info](#)

As mulleres perciben máis idadeísmo: presupóñenas menos intelixentes e infravaloran a súa experiencia. (ES) [+Info](#)

Ebbada Hameida, escritora e reporteira:« Na guerra, son as mulleres as que se enfrontan ao estómago baleiro dos seus fillos». (ES) [+Info](#)

Unha ONG afirma que as mulleres se senten coaccionadas durante a atención no parto en Inglaterra. (EN) [+Info](#)

As nenas de San Benito, o centro onde Trump envía as menores migrantes embarazadas. (ES) [+Info](#)

Achadas as tumbas de dúas mulleres enterradas coas súas armas nun poboado íbero en Córdoba. (ES) [+Info](#)

Que podes aprender mirando o teu fillo xogar con bonecas. (ES) [+Info](#)

A vulnerabilidade das mulleres temporeiras: dereitos en risco. (ES) [+Info](#)

Amanda Villavieja, Laia Casanovas e Yasmina Praderas, as mulleres que poden facer historia nos Oscar co son de Sirat. (ES) [+Info](#)

RTVE comprométese a elevar ao 40 % a súa financiación mínima de obras audiovisuais dirixidas ou creadas por mulleres e suma o Observatorio de Igualdade ao comité de selección de proxectos de non ficción. (ES) [+Info](#)

A intelixencia artificial tamén ten nesgos de xénero. (ES) [+Info](#)

«Pioneiras», a historia do primeiro equipo de fútbol feminino chega ao Festival de Málaga. (ES) [+Info](#)

Acordo «histórico» da ONU sobre xustiza para as mulleres que incluírá por primeira vez as mulleres presas. (EN) [+Info](#)

As mulleres que araron e aran o camiño da igualdade: unha homenaxe na rúa a grandes referentes do mundo rural. (ES) [+Info](#)

Traballadoras arxentinas denuncian que serán as máis prexudicadas pola reforma laboral. (ES) [+Info](#)

As redeiras, protagonistas da Mostra de Cinema Etnográfico. (GA) [+Info](#)

Por que o feito de que mulleres negras interpreten viláns nas pantallas aínda resulta controvertido. (EN) [+Info](#)

Malala: «Ler un libro soa nunha habitación é un acto de resistencia para unha nena afgá» (ES) [+Info](#)

As mulleres DJ's xa non piden pista, a dominan: «segue a haber algún neandertal, mais non é o de antes». (ES) [+Info](#)

Melba Escobar: «As mulleres perdemos moito do que construímos ao ser nais». (ES) [+Info](#)

As ciclistas impacientes por medirse o Angliru na volta: «Imos sacar a máscara de que as mulleres non podemos subir eses portos» (ES) [+Info](#)

O sexo esporádico nas mulleres non sae a conta: así é a fenda orgásmica. (ES) [+Info](#)

A fenda de xénero na saúde mental: «Dende pequenas sufrimos presións que producen malestar». (ES) [+Info](#)

Traballar máis, cobrar menos: o paradoxo laboral das mulleres na Galiza debullado neste informe da CIGA sobre fenda salarial. (GA) [+Info](#)

Así se usou a histeria para patoloxizar o desexo feminino e reprimir as mulleres. (ES) [+Info](#)

Un garda civil de Monforte condenado a seis meses de cárcere por acosar sexualmente a unha subordinada. (ES) [+Info](#)

Un proxecto para recuperar a memoria das mulleres maiores do campo galego. (ES) [+Info](#)

«Estas mulleres son prisioneiras» : manifestantes iraníes alzan a súa voz na Copa Asiática Feminina. (EN) [+Info](#)

Os homes da Xeración Z teñen o dobre de probabilidades ca os *baby boomers* de crer que as mulleres deben obedecer aos maridos. (EN) [+Info](#)

«Speakers»: a fenda de xénero no deporte que non se ve, pero «canta». (ES) [+Info](#)

RTVE reivindica o legado do Lyceum Club no 8M nun acto que devolve as súas mulleres a tribuna pública. (ES) [+Info](#)

Sugar Baby: unha porta a prostitución a golpe de clic. (ES) [+Info](#)

«Caso Marielle Franco»: condenados a 76 anos os irmás Brazão, os dous políticos que ordenaron matar á concexala de Río. (ES) [+Info](#)

Centros LIBRE, a gran aposta da Secretaría das Mulleres: «Aquí dixéronme que tiña dereitos». (ES) [+Info](#)

A agrupación pola Despenalización do Aborto disólvese no Salvador pola «involución» de dereitos humanos baixo o réxime de Bukele. (ES) [+Info](#)

As mulleres cobran menos ao xubilarse e os complementos contra a fenda de xénero poden agravalalo. (ES) [+Info](#)

O movemento feminista sae a rúa contra a guerra e o auxe da ultradereita: «Fronte o fascismo, feminismo organizado». (ES) [+Info](#)

A era « post MeToo»: o feminismo afronta unha contraofensiva en auxe que busca silenciar a violencia sexual. (ES) [+Info](#)

O goberno denuncia a violencia crecente contra as mulleres: «As bruxas do século XV son as novas “Charos”». (ES) [+Info](#)

Traballadoras en Galicia: a metade do traballo pero moito máis precario e parcial. (GA) [+Info](#)

Conferencias de «sensibilización»: a resposta da Armada a catro agresións sexuais na Escola de Ferrol. (GA) [+Info](#)

«Evidencias» desde A Coruña na investigación pola violencia contra mulleres e menores na IA de Musk. (GA) [+Info](#)

O deporte feminino segue a gañar peso: as licencias aumentaron un 90 % en dez anos. (GA) [+Info](#)

Os requisitos para as axudas da Xunta para vítimas de trata exclúen a maioría delas. (GA) [+Info](#)

Carga mental, culpa e as mentiras do autocoidado: a mochila invisible das mulleres. (ES) [+Info](#)

Helena Borrell, reumatóloga: «A artrite reumatoide é máis frecuente en mulleres, sen embargo tardan máis en recibir diagnóstico». (ES) [+Info](#)

Indemnizan con 7500 euros a unha camareira despedida aos poucos días de dar a luz un fillo. (ES) [+Info](#)

Unha sentenza en Vigo reconece o risco para a lactancia materna en traballadoras de clínicas veterinarias. (ES) [+Info](#)

A fenda salarial feminina é de 4.326 euros/ano na Galiza. (GA) [+Info](#)

Catro anos de prisión para un home por agredir sexualmente a neta de 14 anos da súa parella. (GA) [+Info](#)

As mulleres seguen a conquistar o emprego, mais a costa dunha fenda que non cesa. (ES) [+Info](#)

A fenda de xénero cardiovascular. O que todas as mulleres deberían saber sobre a saúde do seu corazón. (ES) [+Info](#)

O equipo de Igualdade da Complutense avisa de que a «drástica redución» de horas de traballo dificulta aplicar o protocolo contra o acoso. (ES) [+Info](#)

DATOS

Estratexia de Igualdade de Xénero 2026 – 2030. [+Info](#)

Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2024. [+Info](#)

Informe Global de Fenda de Xénero 2025. [+Info](#)

Índice de Igualdade de Xénero 2025: Datos máis precisos para un mundo cambiante. [+Info](#)

Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2025. A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE

Punto lila virtual

Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego, inglés e adaptado a lectura fácil

Recursos contra as violencias machistas da UVigo (GA/ES/EN e lectura fácil) [+Info](#)

Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo (GA, ES e Lectura fácil) [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20

986 293 963

- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24

988 393 191

- CIM Pontevedra. Praza de José Martí 900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Centros de crise 24h Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Resolución do 10 de decembro do 2025, da Secretaría de Estado de Igualdade e para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 17 de novembro de 2025, relativo á acreditación das situacións de violencias sexuais. [+Info](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo.

Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)